



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 6 DE MAIO DE 2010**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde  
DNA. ISABEL RUIZ FERRO  
Concelleira do BNG  
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO  
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS  
Concelleiro  
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ  
Concelleiro

SECRETARIA

DONA MARTA CAJIDE BARBEITO

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas do día seis maio de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesiós o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA.-**

<b>1º.-</b>	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 4 DE MARZO DE 2010.
<b>2º.-</b>	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL DE DATA 30-04-10, RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL
<b>3º.-</b>	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL DE DATA 20-04-10, RELATIVA AO APOIO PÚBLICO Á CAMPAÑA DE UNIÓN AGRARIAS DE CARA AO ACTO DE PROTESTA PARA O VINDEIRO 8 DE MAIO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, ASÍ COMO APOIO INSTITUCIONAL DO CONCELLO AOS GANDEIROS E GANDEIRAS PARA O SEU DESPRAZAMENTO Á MANIFESTACIÓN.
<b>4º.-</b>	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA EN CONTAS DE DATA 17-03-2010, EN RELACIÓN Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO 2008.

**B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN.-**

<b>5º.-</b>	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE MARZO DE 2010.
<b>6º.-</b>	ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** *Boas noites, vamos a dar comeza á sesión. Para quen aínda non a coñeza, Marta Cajide é a nova secretaria do Concello da Estrada, polo tanto, dámoslle a benvida a este Concello.*

#### **A) PARTE RESOLUTORIA.-**

##### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 4 DE MARZO DE 2010.**

**Sra. López Doce, concelleira do BNG:** *Ben, ó igual que sucedera coa acta do pleno ordinario do mes de febreiro teño que volver a salientar que esta acta correspondente á sesión ordinaria do mes de marzo non está redactada como esixe a normativa, en concreto os artigos 1 da Lei 5/88 de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais e o artigo 7 da Lei 5/1997 do 22 de xuño da Administración Local de Galicia e, polo tanto, solicitamos que a páxina vinte e cinco figura en castelán e unha carta que leu o Sr. Reboredo Baños se transcriba ó galego como esixe a normativa que di con claridade que as actas dos plenos se redactarán en lingua galega sen prexuízo de que se redacten ó mesmo tempo, é dicir, noutro exemplar por separado na outra lingua oficial da comunidade autónoma.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Ben, creo que xa nun pleno anterior pasou algo parecido e como me afecta directamente porque fun eu quen deu lectura a ese manifesto, eu entendo que se debe manter tal como está porque eu deille lectura literal á carta enviada polo señor Doctor Biscet, polo tanto pido que sexa recollida como tal e iso non menoscaba en absoluto a aprobación, defensa e apoio da lingua galega, que quede moi claro, pero, é dicir, evidentemente eu propoño que se manteña porque eu deille lectura literal á carta tal como estaba reflectida.*

**Sra. López Doce, concelleira do BNG:** *Ben, eu volvo insistir para que quede constancia en acta que a Lei di que a acta se redactará en galego, sen prexuízo de que se expida noutra lingua oficial que, como todos sabemos, é o castelán. Non fala de actas mixtas, entón eu creo que a normativa á clara. Eu non teño opinión.*

**Sr. Alcalde:** *Ben, vamos entón proceder á aprobación da acta coa modificación que se acaba de apuntar.*

A proposta da voceira do BNG, Sra. López Doce, e en virtude dos artigos 1 da Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais e o artigo 7 da Lei 5/1997 do 22 de xuño da Administración Local de Galicia, acórdase por doce votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Sanmartín Obelleiro, Maceiras Vicente, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruiz Ferro e Castro Blanco) e nove votos en contra (PP: Sres/as López Campos, Maceira Besteiro, García Villar, Maïssa Rodrigo, Vicente Vicente e Loureiro Méndez e non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez) a tradución ao galego da carta do Dr. Elías Biscet que figura transcrita no punto 8º da citada acta. Non producíndose máis intervencións e conformes todos os concelleiros co seu contido, apróbase a acta da sesión do 4 de marzo de 2010. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL DE DATA 30-04-10, RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL** A secretaria da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame aprobado pola Comisión

Informativa de Benestar Social na sesión do 30 de abril do presente ano, que seguidamente se transcribe de xeito literal:

**3º- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DA ESCOLA INFANTÍL MUNICIPAL:**

Sometese a votación a proposta presentada pola presidenta da Comisión, previamente informada pola Directora da Escola infantil Municipal, sendo a mesma aprobada por unanimidade co seguinte contido:

*“Modificación e ampliación dos seguintes Artigos:*

*ARTIGO 7º:1d) “substituír certificado por volante”*

*2a) “substituír cotexada por orixinal”*

*ARTIGO 10º: no primeiro parágrafo engadir “con servizo de comedor”*

*Engadir tamén ao final do primeiro parágrafo “De quedar prazas vacantes, poderán ser cubertas por solicitantes que non estando empadroados no concello da Estrada, acrediten documentalmente que polo menos un dos pais traballe neste concello e a praza solicitada sexa a xornada completa con servizo de comedor”.*

*10.1 substituír o existente por “ANEXO VI (Orde do 05 de marzo de 2010, D.O.G N° 48, do 11 de marzo)*

*Baremo*

**1º. SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR.**

- 1.1.-Por cada membro da unidade familiar ..... 2 puntos.*
- 1.2.-Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea a cargo desta ..... 1 punto.*
- 1.3.-No caso de que a nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple ..... 1 punto.*
- 1.4.-Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamente periódico, alcoholismo ou drogodependencia ..... 2 puntos.*
- 1.5.-Pola condición de familia monoparental ..... 3 puntos.*
- 1.6.-Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais ..... 6 puntos.*
- 1.7.-Pola condición de familia numerosa ..... 3 puntos.*
- 1.8.-Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas ..... ata 3 puntos*

**2º. SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR.**

*2.1. Situación laboral de ocupación:*

- Nai ..... 3 puntos.*
- Pai ..... 3 puntos.*

*2.2. Situación laboral de desemprego (1):*

- Nai ..... 2 puntos.*
- Pai ..... 2 puntos.*

*(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes.*

*No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.*

### **3º. SITUACIÓN ECONÓMICA.**

*RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente :*

- Inferior ao 25% do IPREM ..... +4 puntos.*
- Entre o 25% e o 50 % do . IPREM ..... +3 puntos.*
- Superior ao 50 % e inferior ao 75% do IPREM..... +2 puntos.*
- Entre o 75 % e o 100 % do IPREM ..... +1 punto.*
- Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM..... -1 punto.*
- Entre o 125 % e o 150 % do IPREM ..... -2 puntos.*
- Superior ao 150% e inferior ao 200 % do IPREM ..... -3 puntos.*
- Igual ou superior ao 200% do IPREM ..... -4 puntos.*

*\* En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa, tendo sempre preferencia as solicitudes de atención a xornada completa e con servizo de comedor.*

*\* Para efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM ) vixente.*

*\* No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais, adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2ª e 3ª do baremo.*

**ARTIGO 17º:** *Substituír no primeiro parágrafo:*

*O servizo da EIM desenvolverase durante 12 meses ao ano, agás 24 e 31 de decembro, día 5 de xaneiro pola tarde, luns e martes de Entroido pola tarde, sábados, domingos e festivos, se ben pecharase o tempo necesario para limpeza e mantemento xeral do centro, reparacións, etc.*

*O horario de apertura será de (7:30) da mañá ata as (20:30)*

*Engadir: No caso de non existir demanda suficiente nos meses de xullo e agosto, estudarase a posibilidade de reducir o horario de funcionamento do centro.*

**ARTIGO 27º:** *Engadir funcións:*

*. Orientar e coordinar a elaboración do Proxecto Educativo do Centro e as programacións anuais, propoñendo ambos á comisión de seguimento da E.I.M.*

*. Tarefas administrativas: tramitación de expedientes, solicitudes de subvención...*

*. Custodiar os documentos e expedientes do centro*

**ARTIGO 30º:** *Engadir a outro persoal:*

*1 Limpador/a con carné de manipulador de alimentos.*

*1 PSX*

*ARTIGO 37º: Engadir Como norma xeral, todos os usuarios deberán aboar polo menos once mensualidades, salvo circunstancias especiais e debidamente acreditadas.*

*Engadir a Disposición adicional 4º.- :*

*Disposición adicional 4º.- Calquera disposición, legal ou regulamentaria, que entre en vigor a partires da aprobación e publicación deste Regulamento, será directamente aplicable e de obrigado cumprimento en relación coas materias obxecto do mesmo, sen necesidade de proceder á súa previa modificación puntual, agás cando se trate de modificacións substanciais ou de fondo, en cuxo caso, sen prexuízo da súa inmediata aplicación, obrigará a unha revisión administrativa do texto co gallo da súa adaptación, no improrrogable prazo de 3 meses.”*

Non producíndose intervencións, apróbanse por unanimidade as modificacións especificadas no ditame da Comisión Informativa ao Regulamento de Organización da Escola Infantil Municipal e anteriormente transcritas.

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL DE DATA 20-04-10, RELATIVA AO APOIO PÚBLICO Á CAMPAÑA DE UNIÓN AGRARIAS DE CARA AO ACTO DE PROTESTA PARA O VINDEIRO 8 DE MAIO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, ASÍ COMO APOIO INSTITUCIONAL DO CONCELLO AOS GANDEIROS E GANDEIRAS PARA O SEU DESPRAZAMENTO Á MANIFESTACIÓN.** A secretaria da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame aprobado pola Comisión Informativa do Rural na sesión do 28 de abril do presente ano, que seguidamente se transcribe de xeito literal:

2.- MOCIÓN DE UNIÓN AGRARIAS RELATIVA A SUPRESIÓN DE AXUDAS DA PAC.
---

A Presidencia Delegada dá conta do escrito de Unións Agrarias, de data abril de 2.010, do seguinte teor literal:

“A Organización Profesional Agraria, UNIÓN AGRARIAS, traslada ós Grupos políticos con presenza nesa Corporación Municipal para que, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno a **MOCIÓN** que a continuación se recolle:

#### *EXPOSICIÓN E MOTIVOS*

O sector gandeiro está a atravesar dende o ano 2008 unha serie de recortes nas axudas que se veñen solicitando, sobre todo a través das liñas da Política Agraria Común (PAC), como son, a Indemnización Compensatoria (IC), o Control Integrado do CES e outras axudas como, o Fomento de Razas Autóctonas e a Promoción de Recría de Vacún, ata o punto de chegar a superar reducións dun 30% en moitos dos casos. Tendo en conta que a cantidade total de axudas que percibe unha explotación media, figura entorno o 55% dos ingresos, de seguir aumentando estas reducións a viabilidade económica das moitas delas non será posible, levando ó punto máis extremo que é o peche da explotación.

Unións Agrarias destaca que as modificacións introducidas este ano na convocatoria da PAC, segundo a Orde do 22 de febreiro, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ó desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras no ano 2010 e segundo os criterios de adxudicación que o Fogga (Fondo Galego de Garantía Agraria), vai seguir a hora de distribuír as axudas, suporán graves perdas na renda dos gandeiros.

Dentro do Contrato de Explotación Sustentables (CES), houbo reducións na liña de Control Integrado, debidas á eliminación nos anos 2008 e 2009, das variedades pasto arbustivo (código 902) e pasto con arboredo (código 903), ás que se sumarán a supresión no ano 2010 das variedades pasteiro (código 905) e prado (código 906), limitando esta axuda unicamente ós pastos non permanentes. Os importes que deixan de percibir as explotacións pasan por unha media 500€, ata superar os 5.000€ en moitos casos (sobre todo os que dispoñen de montes en man común). Estes recortes poden levar a que se teña que renunciar á totalidade da axuda por non poder comprometerse os gandeiros ás esixencias que implica durante os vindeiros 5 anos.

Ademais, para o cálculo no ano 2010 da Indemnización compensatoria (IC), tramitada ó abeiro PAC, a incorporación do pasto arbustivo (902) e pasto co arboredo (903) dentro da categoría b) barbeiros, restrebeiras de aproveitamentos da PAC, suporá a aplicación na superficie indemnizable do coeficiente redutor 0,15 (antes aplicábase 1). Este cambio diminuírá os importes percibidos nunha media dun 30% (1.140€).

Outra recente modificación que houbo, foi na liña de Razas Autóctonas en Perigo de Extinción, dentro do CES, e consistiu na eliminación do límite de importe de axuda por UTA, introducindo un único límite por explotación de 24.000 € para axudas agroambientais máis benestar animal, exceptuando as razas autóctonas en perigo de extinción e agricultura e gandería ecolóxicas, que as desvinculan establecéndolles un límite de 24.000 €/explotación. Deste xeito poderían lucrarse inxustamente determinadas explotacións con titulares que non teñen como actividade principal a agricultura ou a gandería.

No ano 2009 saíu publicada unha liña de axudas para a promoción da recría do gando vacún, que tiña a finalidade de mellorar a calidade do leite e carne, fomentando a recría de futuras reproductoras en pureza. O orzamento habilitado pola Consellería do Medio Rural para esta convocatoria resultou claramente foi insuficiente, tendo en conta que das 4.676 solicitudes que se presentaron, desestimáronse o 60% por extinción do crédito.

Finalmente, no referente ás axudas que o Goberno galego destina ao fomento de sistemas de produción de Raza Gandeiras autóctonas en réximes extensivos, Unións Agrarias lembra como no 2008, primeiro ano que se convocaban estas axudas, quedaron fóra un número elevado de explotacións por extinción do crédito, que deberían entrar no 2009. Ese ano as axudas concedidas só foron as renovacións das aprobadas no 2008 sufrindo recortes do 30%. Dadas estas circunstancias e a falta de interese aparente do Goberno galego por esta liña todo fai pensar que neste exercicio, as axudas non cubran o 100% das explotacións galegas.

Ante esta situación, UNIÓN AGRARIAS, decide convocar un Acto de Protesta para o próximo 8 de maio, en Santiago de Compostela, para esixirlle tanto á Xunta como ó Ministerio, medidas concretas que poñan freo a esta situación coa seguinte táboa reivindicativa:

1º Instar á Consellería do Medio Rural a que reconduza as bases da convocatoria da PAC para que non se dean situacións de desigualdade entre as explotacións e que os produtores non vexan reducidas as súas axudas con respecto a exercicios anteriores, xa que a súa situación é de extrema gravidade, no umbral, en moitos casos da súa supervivencia.

2º Esixir do Goberno galego que ante esta situación aposte porque se destinen fondos adicionais para que estas explotacións non queden nunha situación de competencia desigual co resto de Galicia.

3º Solicitar desta Corporación municipal para que no caso de non producírense estas modificacións e o reenfoque nas medidas previstas pola Xunta de Galicia, apoie as accións reivindicativas na defensa das explotacións que teñen unha rendibilidade totalmente insuficiente para a súa supervivencia, o que repercutirá no papel fundamental que desempeñan no mantemento do territorio e na conservación do medio natural.

Polo exposto, a Organización Profesional Agraria, **UNIÓN AGRARIAS**, SOLICITA a presentación desta **MOCIÓN** diante o pleno da corporación municipal, para que este adopte o seguinte acordo:

*Apoiar publicamente a campaña que neste sentido ven realizando a Organización Profesional Agraria, UNIÓN AGRARIAS, de cara ao Acto de Protesta para o vindeiro 8 de maio en Santiago de Compostela, así como apoio institucional do concello ós gandeiros e gandeiras para o seu desprazamento á manifestación”.*

Dada conta do anterior documento, os Sres. Reboredo Baños, Torres Álvarez e Maceira Besteiro manifestan que se absterán ata o Pleno dado que non puideron examinar a documentación coa debida serenidade.

Sometido a votación, a Comisión Informativa, polos votos a favor do PSdeG- PSOE ( 3 ) e do BNG ( 1 ), absténdose os restantes integrantes, ditaminou favorablemente ao tempo que propuxo ao Concello Pleno a súa aprobación nos exactos termos redactados.”

**Sr. López Campos, do PP:** *Ben, desde o Partido Popular queremos manifestar a tenor do texto acordado na comisión informativa, pois trasladar o cambio do sentido no voto cara un voto favorable a esta moción presentada por Unións Agrarias na que, desde logo, non pode caber outra forma máis que de expresión de apoio solidario cara as súas lexitimas reivindicacións e, desde logo, pois está claro que debemos de intentar sumar esforzos e capacidades para que o sector agro - gandeiro pois desde logo saia da situación crítica na que está sumido e, posiblemente, pois facilite o texto este acordo pois eu creo que é dunha sensatez política por parte de tódolos grupos sabendo a realidade que están a vivir e, desde logo, sabendo da importancia de que tódolos esforzos serán poucos e que tódalas administracións, tanto a Administración central cunha gran parte de responsabilidade na xestión da PAC, tanto o goberno autonómico na súa xestión, nas súas competencias autonómicas, como tódolos axentes e tódalas forzas políticas pois debemos procurar o mellor escenario posible para tódolos sectores produtivos, neste caso, para o sector agrogandeiro por suposto tamén. Polo tanto, votaremos a favor dese acordo de apoio ó sector gandeiro nesas importantes reivindicacións.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Ben, nós tamén manifestamos a nosa postura de abstención na comisión porque non tiñamos toda a documentación ou información necesaria, e, evidentemente, vamos a apoiar, como fixemos xa noutras ocasións, os sectores que neste momento están pasando unha situación de dificultade. Pero intentando deixar claro que detrás de isto, hai responsables, non?. E esta responsabilidade iniciase en maio de 2007 en Europa cando a presidencia europea do momento pois expón un recorte nas axudas do PAC, entre 2007 e 2012. Evidentemente, ese recorte vén motivado por un acordo europeo trasladado ós ministros dos distintos estados membros e, polo tanto, as cantidades que agora se destinan a desde o Estado, desde o PAC ou desde Europa ás distintas comunidades, pois vese recortada. E a partir de aí pois veñen esas consecuencias. De todos xeitos, nós tamén vamos a votar a favor e esperamos que de cara ao futuro esa situación poida revertirse.*

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno por unanimidade, adopta o seguinte:

**ACORDO:**

*Apoiar publicamente a campaña que neste sentido vén realizando a Organización Profesional Agraria, UNIÓN AGRARIAS, de cara ao Acto de Protesta para o vindeiro 8 de maio en Santiago de Compostela, así como apoio institucional do concello ós gandeiros e gandeiras para o seu desprazamento á manifestación.*

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA EN CONTAS DE DATA 17-03-2010, EN RELACIÓN Á APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO 2008.** A secretaria da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame da Comisión



Informativa de Facenda e Contas da sesión celebrada o 17 de marzo do presente ano, aprobado por unanimidade de todos os membros, e que deseguido se transcribe literalmente:

**" 2º. Conta xeral do orzamento de 2008.-** *A presidenta fai un resumo das magnitudes fundamentais da xestión orzamentaria e da situación económico-financeira deducidas da conta xeral do exercicio de 2008 á vista da documentación preparada pola Intervención municipal e que os membros da comisión puideron estudar dende o 16 de febreiro último, respectando así o disposto no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, aínda que fóra do tempo legal da rendición por mor da insuficiencia de persoal advertida pola Interventora no seu informe.*

*No curso da deliberación, os concelleiros non adscritos señores Reboredo e Torres Álvarez manifestan que se absterán de votar ata o Pleno.*

*Sometido o asunto a votación, resultan catro votos a favor (B.N.G., P.S. de G.-PSOE), e o voto unitario de abstención dos concelleiros non adscritos.*

*Conseguentemente, ditamínase favorablemente a Conta xeral do orzamento de 2008, que se exporá ao público por espazo de quince días hábiles para efectos de que durante ese prazo e oito días máis se poidan presentar reclamacións, reparos ou observacións, consonte ao disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004."*

**Sra. Ruíz Ferro, do BNG:** *Hoxe traemos aquí para a súa aprobación a Conta Xeral do ano 2008. A Conta Xeral é o reflexo e a imaxe en fiel do patrimonio, da execución financeira, da execución do Orzamento e dos resultados do Concello. Imos dar unha serie de datos, como xa na Comisión falamos diante dos que estaban, houbo xente que non puido asistir. Entón imos dar os datos máis significativos da Conta Xeral, un documento bastante complexo e complicado. Imos ver, o grao de execución do gasto foi dun 72,51% do Orzamento de doce millóns trescentos e pico mil. Os pagamentos realizados sobre as obrigas recoñecidas foi dun 85,94% . Iso o grao de execución do gasto; o grao de execución do ingreso foi dun 77,80% do Orzamento de Ingresos de dezasete millóns e pico. Os ingresos realizados dun 93,37% sobre os dereitos recoñecidos. Entón, dado que os ingresos se executaron por un 77,80% e os gastos por un 72,51% o resultado orzamentario é positivo, e por un importe o axustado de 1.442.785 €, o remanente de Tesourería para gastos xerais corresponde a 2.682.377 €, o estado da débeda ao día trinta e un do doce era de catro millóns douscentos oitenta mil e pico. O aforro neto segundo a media de tipos era de un millóns cincocentos vinte e oito mil e pico, e se o tipo fose do 3% de 1.609.000 €. A carga financeira, tamén pasa a ser, segundo sexa a media de tipos dun oito con trinta e un e se é sobre o 3% un 7,62%. O nivel de endebedamento sobre ingresos correntes é dun 36,69%. Á parte dos datos da Conta, preséntase tamén a documentación complementaria coas modificacións de crédito que existiron, actas de arqueo, expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, relación de reparos efectuados e outro apartado de incidencias e observacións sobre pequenas cousas, recadación, inventario de bens e uns erros en valores. Isto é así en grandes liñas o que contén a Conta de Xeral deste ano 2008.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Ben, antes de nada como mencionaba a concelleira, eu quero desculpar a ausencia do noso grupo nesa convocatoria, que se produciu dunha forma anómala, cun mes de anticipación practicamente e a verdade non contabamos coa existencia desa comisión e polo tanto non asistimos por erro a esa comisión, e dende logo procuraremos non volver a cometer e os erros hai que recoñecelos. No que respecta ao informe, pois dende logo, a Conta Xeral, é un documento bastante farragoso, complicado no que eu creo que é conveniente sacar determinadas lecturas. A grandes rasgos, fixo mención a concelleira de facenda deles, e dende logo apuntándose algún tanto que non corresponde en todo co que*

*afirma. Eu creo que tal e como vén sendo habitual nos últimos anos o resultado orzamentario, neste ano do ano 2007 é positivo, hai unha execución orzamentaria do gasto dun setenta e dous por cento e dos ingresos un setenta e sete, o resultado positivo non vén só pola boa xestión ou comportamento do capítulo de ingresos, senón que tamén vén pola non execución do capítulo de gastos, e dende logo, si é unha constante que se está a producir nos últimos anos, que este goberno municipal non xestiona debidamente o Orzamento e dende logo na súa execución orzamentaria vese claramente insuficiente, xustificada nun setenta e dous por cento a execución orzamentaria que eu considero que se xa no ano 2007 era un indicador negativo, eu creo que nestes anos 2008, 2009 e 2010 debería haber unha evolución moito máis favorable, pois todos sabemos da incidencia da xestión dos recursos públicos á hora de dinamizar determinados sectores produtivos. Polo tanto eu creo que ese é un debe na xestión do goberno e unha mala execución orzamentaria e que as árbores non nos impidan ver o bosque, que haxa un bo resultado orzamentario, non quere dicir que unicamente haxa un bo comportamento do capítulo de ingresos, senón que hai unha mala execución no capítulo de gastos, o que eu creo que se debería reconducir sobre todo nun Orzamento tan axustado como ten o Concello da Estrada. Eu creo que hai aspectos importantes que destacar, pois hai expedientes que se acometen durante o exercicio, unha gran parte deles van destinados a gastos xerais. Eu quero recordar cando en épocas anteriores con outros gobernos, por exemplo o partido ao que pertence a concelleira de facenda, votaba en contra e poñía o grito no ceo cada vez que vía unha modificación extraordinaria de crédito, e agora parece que é a tónica habitual e nese exercicio producíronse trinta e seis modificacións extraordinarias. Iso creo que deixa ben ás claras o que quere e o que fai cada un en función do posto que ocupa, cando é goberno e cando é oposición. Facíase unha crítica feroz ao goberno, por non ser capaz de ser previsores e non facer un Orzamento axustado á realidade e resulta que cando gobernan nada máis e nada menos que fan 36 modificacións de crédito e o levan directamente para cubrir gastos xerais. Outro tema que tamén foi importante e criticado pola oposición no seu momento, foron actuacións que reflicte o informe de Intervención como o cosntante fraccionamento en diversos gastos; gastos que pola súa contía deberían seguir un proceso de contratación, pero existe un claro fraccionamento neses contratos para cambiar a súa forma de adxudicación, faino constar continuamente o informe de Intervención e deixa ben ás claras cal é a forma de xestión que ten este goberno municipal así como o constante incumprimento, tamén outra das eivas que se lle criticaban a gobernos anteriores, e que parece ser o modus operandi deste goberno de incumprimento de lexislación aplicable en materia de retribucións complementarias, dígase en materia de horas extras. Case podemos avanzar que nos situamos no ano 2009, e verase chegado o momento de liquidación do exercicio, en cifras astronómicas e récords históricos, pagando por riba dos 150.000 €, 25 millóns de pesetas en horas extras ao persoal funcionario do Concello. No seu momento non se pagaba nin un terzo desa cantidade, e dende logo era motivo de crítica facendo desgaste político ao goberno naquel momento, pero hoxe en día páganse 25 millóns de pesetas en horas extras e este goberno dende logo presume de facer unha boa xestión dos recursos públicos. E despois tamén hai un aspecto que eu creo que tamén é trascendente, e sobre todo vén a conto dalgunhas das preguntas que se fixeron no anterior Pleno e que temos aquí a resposta e non nos satisfai, como todas as que nos dá o goberno municipal, parece que imos ter que cambiar de estratexia, e como o Sr. Alcalde está moi disposto a contestar no seu programa aló presidente dos venres en Radio Estrada a todos os veciños, poñendo a careta de transixente, paréceme que imos ter que cambiar de estratexia e en vez de preguntarlle nos plenos, imos ter que chamar á radio municipal para ver se nos contesta con tanta dilixencia como lle quere contestar aos veciños da Estrada, e nese caso falamos do que é a xestión recadatoria, do que son as multas impostas pola*

*Policía Local, e pono claramente neste informe de Intervención que fai mención expresa á imposibilidade de control pola Tesourería das multas impostas pola policía, xa que non se produce un control sobre os talonarios de multas das que dispón cada axente, un pouco enlazado sobre a pregunta que faciamos no Pleno anterior e que é unha resposta que non satisfai en absoluto a nosa demanda e seguiremos preguntando sobre este tema. Está claro que se deduce que hai certas eivas na xestión recadatoria, de fiscalización, contable é conveniente reconducir esta situación. Nós non poñemos o grito no ceo, simplemente deixamos constancia de certos aspectos que eu creo que son de relevancia, señor Espiño se non lle importa e me pode escoitar agradézollo, pois o seu ton de voz moléstame cando falo. E dende logo, acredita unha mala xestión, e dende logo, pode mellorar de forma decidida e pódese ver, xa sei que non imos ver á Sra. López Doce dentro dun ano na oposición, pois seguramente non estea ou non vai estar, pero dende logo gustaríame vela para saber cal é a súa xestión ou a súa actitude cando outros cometesen bastante menos erros e o fixesen bastante mellor do que o están facendo vostedes. Está claro que moitas veces hai que facer de tripas corazón, nós seguindo a liña positiva e dende logo entendendo cal é a finalidade deste punto, o PP votará afirmativamente a xestión e as contas do exercicio 2007.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Brevemente, non vou repetir os argumentos nos que máis ou menos coincidimos os grupos da oposición. Evidentemente é unha mala xestión, pois xa o dicíamos nós nos distintos orzamentos, o único que se fai é unha mala planificación do Orzamento e polo tanto despois destínase o remanente líquido de tesourería, a 36 operacións de crédito ordinarias máis tres extraordinarias para gasto corrente, esa é a lectura, menos capítulo seis, e so final todo se vai, como dicíamos sempre no gasto corrente e persoal, polo tanto nós tamén imos votar a favor, que é a dinámica habitual, pero tamén vostedes deben mellorar a súa xestión.*

**Sra. Ruíz Ferro, do BNG:** *Imos puntualizar algunhas cousas, a comisión foi convocada con 22 días, pero hai que ter en conta que é unha comisión, pola importancia que ten, pola consulta da Conta Xeral, que polo menos 15 días previos é preceptivo, é dicir quince días é como ten que ser. Polo que respecta ao problema de baixa execución, o que temos que ter en conta é que, tal e como di a conta de Intervención, que hai que ter en conta a desviación de financiamento dos proxectos, que despois hai que acumulalos á porcentaxe de execución, polo que respecta tamén ás modificacións de crédito, que parecía que ían ser só de gastos, entendín eu, é tanto de gastos e de ingresos, e tamén como di o informe de Intervención, ten que ver moito con subvencións doutras entidades que chegan cando chegan, e con subscricións de convenios. O que quería dicir eu é que as modificacións de crédito que parecían que eran tan disparatadas, entón eu dígolle a que corresponden, a subvencións, etc. Respecto ao que apuntaban dende o grupo dos non adscritos sobre o remanente de tesourería que vai para gastos correntes, non sei se sería antes, pois agora dende logo vai para investimentos.*

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas e ao non haber ningunha reclamación presentada durante o período de exposición pública, o Concello Pleno acorda por unanimidade aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao ano 2008.

## MOCIÓNS DE URXENCIA

**A Concelleira do BNG, Sra. López Doce, solicita a inclusión do seguinte asunto: Moción relativa ao apoio á lingua galega.**

## XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A Sra. López Doce xustifica a urxencia desta moción, debido á proximidade do Día das Letras Galegas, e por non terse previsto outro Pleno, polo menos ordinario, antes dese día.

**Sra. López Doce, do BNG:** *Ben, imos formular unha moción de urxencia, non sei se o PP ten algunha máis, como non se pronunciou. En todo caso a urxencia, aínda que sabemos que o 17 de maio se celebra o 17 de maio todos os anos, é obvio que non vai haber ningún outro Pleno neste mes, ordinario cando menos. É unha moción ao redor do 17 de maio día das letras galegas, e por iso demandamos da Corporación que se debata e se procede se aprobe, agardamos que por unanimidade de todos os grupos desta Corporación no día de hoxe.*

**Sr. Reboredo Baños:** *É certo que é o último pleno antes do 17 de maio, pero vostede reconece que o 17 de maio vense celebrando dende o ano 1963 todos os anos, entón, que vostede veña aquí dicíndonos que nos presentan unha moción por vía de urxencia neste Pleno sen facer unha Xunta de Portavoces, mínimo, ou sen convocar unha xunta correspondente para debater e consensuar e analizar, paréceme unha falta de respecto aos grupos da oposición. Nós nin imos votar a urxencia nin votar a moción, pero simplemente pola falta de formalismo que creo que é improcedente, pois que vostede veña cunha moción que xurde atemporánea, pero que veña dez días antes das Letras Galegas, presentando unha moción de urxencia porque o día está aí, claro e o do 2011, acórdese que tamén está aí.*

Sometida a urxencia a votación, resultan doce votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Sanmartín Obelleiro, Maceiras Vicente, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruiz Ferro e Castro Blanco) e nove votos en contra (PP: Sres/as López Campos, Maceira Besteiro, García Villar, Maïssa Rodrigo, Vicente Vicente e Loureiro Méndez e non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez), polo que a urxencia é aceptada.

**Sra. López Doce, do BNG:** *Como considero que a redacción da moción é suficientemente explicativa, non só suficientemente, senón que a súa redacción é óptima, a diferenza do que teño feito en anteriores plenos, vou proceder á súa lectura para que se transcriba integramente, non só a proposta de acordo como ten sucedido en anteriores ocasións, aínda que temos nova secretaria, e non sei cales serán os seus criterios en relación á elaboración das actas.*

Seguidamente, a Sra. López Doce dá lectura ao texto da moción, tal e como a continuación se transcribe de xeito literal:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A celebración do 17 de Maio, Día das Letras Galegas, presenta este ano 2010 especiais características que reafirman o carácter reivindicativo desta data. Nunca até o momento, nos case 30 anos de vixencia do actual Estatuto de Autonomía, un goberno da Xunta de Galiza se atrevera a aplicar unha política lingüística tan agresiva e regresiva, chegando á vulneración da legalidade vixente e á anulación dos dereitos democráticos no ámbito lingüístico. Esta estratexia, deseñada en base á construción dunha monumental mentira (a imposición do galego), abrangue a práctica totalidade das consellarías e departamentos do Goberno galego, e ten a ver tanto coa imposición de medidas político-administrativas que relegan ou exclúen o galego, así como con liñas discursivas e de actuación práctica que devalúan e estigmatizan o noso idioma.

Así ocorre, singularmente, no caso de ensino. As denominadas “Bases para o Decreto do Plurilingüismo” consideran na práctica ao galego como un idioma non apto para o ensino das matemáticas, da física, da química ou da tecnoloxía. Mesmo van provocar que milleiros de nenas e nenos galegos non teñan dereito durante toda a etapa infantil (até os seis anos) a manter un mínimo contacto coa lingua galega no propio sistema educativo. Perséguese, en definitiva, o uso e o contacto co noso idioma precisamente nas franxas de idade máis sensíbeis.

Esta obsesiva vontade é tamén comprobábel noutros ámbitos: modifícase a Lei da Función Pública para eliminar calquera proba obrigatoria en galego nos procesos selectivos de persoal, vulnérase a Lei 4/2006 no referente ao uso público do galego por parte de membros e altos cargos do Goberno, exclúese o galego das oposicións ao ensino e á sanidade, suprimíense subsidios á tradución ao galego (caso único no Estado español), exclúese o galego de diversas páxinas web oficiais, realízanse campañas institucionais en español (Galicia Calidade), instálase sinalética en español nas estradas (Xacobeo), e así sucesivamente. Mesmo chegan a “enxalzar” a figura de Uxío Novoneira, a quen este ano se lle dedica a conmemoración do Día das Letras, traducindo a súa obra ao español.

Sofre Galiza, daquela, un Goberno que legisla e dita normativas co obxecto de reducir aínda en maior medida a presenza da lingua galega nos ámbitos máis diversos, que toma decisións concretas para residualizalo na propia administración, que vulnera e incumpre a legalidade vixente e de obrigado cumprimento, e que pretende inculcar na sociedade os peores esquemas de desprezo, de humillación, de anulación colectiva.

Por todo isto, o 17 de Maio, Día das Letras Galegas, está convocada unha manifestación dos galegos e galegas en defensa do idioma galego, polo que se lle propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

- I) Apoiar activamente a manifestación convocada pola Plataforma Queremos Galego en defensa do noso idioma e que terá lugar o próximo 17 de Maio, en Santiago de Compostela. Con tal fin facilitará o transporte colectivo para aquelas persoas que decidan sumarse a esta mobilización social.
- II) Rexeitar ás “Bases para o Decreto de Plurilingüismo” feitas públicas pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, e reafirmar o compromiso municipal co consenso establecido, no ámbito do ensino, no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado de xeito unánime polo Parlamento de Galiza en setembro de 2004.
- III) Manifestar a adhesión ao texto da “Iniciativa Popular pola Garantía dos Dereitos Lingüísticos”, promovida pola Plataforma Queremos Galego.

**Sr. López Campos, do PP:** *Eu dende logo non sei se rir ou chorar, con esta actitude que mostra o BNG, que creo que xa non sorprende a ninguén. Intenta meter pola porta de atrás unha iniciativa que saben terían que debater en comisión, e dende logo, como non debería ser doutra forma, ou non debería ser así, eu non creo que ninguén se opoña a intentar chegar a un acordo de mínimos para intentar unha moción conxunta. Creo que hai temas que sempre nos preocupamos lanzar á cidadanía unha imaxe de que os partidos políticos, malia ás nosas diferenzas, sempre tratamos de chegar a acordos que eu creo que son importantes, sobre todo nesta Corporación Municipal. Paréceme unha auténtica barbaridade o que quere facer o BNG, e dá mostra da súa cara máis sectaria a nivel político e lingüístico. Ogallá sigan nesa liña, pois dende logo polo menos o que nos toca ao PP sempre nos irá mellor mentres sigan vostedes con esa actitude sectaria e propagandística, e o que está claro é que a lingua naceu e está para unir e non para separar, entendo*

que para algúns sectores da poboación a lingua pode ser un negocio moi rendible, e así o queren utilizar, acabóuselles o negocio do Nunca Máis e empezou o negocio do Queremos Galego, mesmo marchandaising, mesmas persoas, mesma imaxe. Está claro que están as eleccións municipais á volta da esquina e haberá que recabar apoios a todos os niveis para poder presentarse ás eleccións municipais. Iso explica tamén o espectáculo que se vai dar e que vai dar o festival lúdico – festivo que vai cofinanciar o Concello da Estrada que se vai dar co tema da lingua. Hai un tema que é importante e segue sen ter a debida acollida por parte do PSOE e podo ver que tamén do BNG, que eu creo que é que hai unha data fundamental e que está sinalada no calendario, para todos, e é bastante curioso que un partido que di defender os intereses do galego se esqueza ata última hora e meta no último minuto unha moción sobre o día 17 de maio e sobre o tema da lingua, cando menos é curioso e eu coincido con Reboredo que os deixan a vostedes en mal lugar, se esqueceron ata hoxe que o 17 de maio é o Día das Letras Galegas, e aí deixan ver o seu compromiso coas letras galegas e con Galicia, e esa data é importante, para nós fundamental, nós somos galeguistas e dende logo defendemos o noso idioma e o bilingüismo, pero houbo unha data tamén importante para Galicia, que foi o un de marzo de 2009, na que un partido se presentou á parte de cun compromiso asinado con todos os galegos, presentouse cun programa electoral e eu creo que a ninguén, a vostedes si lles deben estrañar que alguén cumpra o programa electoral, vostedes presentáronse co marchamo que ían aprobar o Plan Xeral en seis meses, que ían facer un montón de infraestruturas, e dende logo incumpriron de cabo a rabo o programa electoral e estrañalles que alguén queira cumprilo, pero o PP presentouse para cumprir o programa electoral e estao cumprindo; non enganou a ninguén, tivo 800.000 votos en Galicia, a maioría absoluta dos galegos coinciden coa mensaxe e coas políticas do PP e levaba unha clara mensaxe, noutros temas podía ser máis ambiguo pero no tema lingüístico era meridianamente claro e conciso o que pretendía facer e así o está facendo, está poñendo en marcha unha política lingüística que noutras comunidades autónomas onde o PSOE e o PP puideron chegar a acordos, pois practicamente é mimético, tiveron moitas solicitudes, e dende logo falamos dun bilingüismo cordial, amable como eu creo que se pode ver e sentir todos os días nas nosas rúas e eu creo que esa normalidade é a que debe imperar nos actos administrativos e nas políticas lingüísticas que se tomen. Eu recoméndolle á voceira do BNG unha dose maior de iniciativa e autonomía política, eu creo que é positivo e recoméndolle menos seguidismo político, e sobre todo menos argumentario, pois reproduce vostede de pe a pa o argumentario oficial do BNG, o que presentan en todos os concellos e en todas as actuacións. Vostede o que fai é coller un argumentario político do BNG e transcríbeo neste Pleno, neso doulle a miña noraboa porque eu creo que vostede é unha boa seguidora e seguidista do BNG, pero eu creo que podería ter un pouco máis de iniciativa e imaxinación, e sobre todo en aras da hixiene democrática debería vostedes intentar un acordo, un consenso unánime desta Corporación, como foi moitas veces ademais en torno ao día 17 de maio e en torno ao Día das Letras Galegas. Se vostedes queren utilizar politicamente ese tema, é unha responsabilidade que deben asumir, e se queren ir contra a maioría social de Galicia, é unha responsabilidade que non deben asumir, senón que xa están asumindo na súa decadencia política, polo tanto pola nosa parte non imos apoiar de ningunha maneira esta moción trampa e esta moción cargada de improvisación presentada polo BNG no último minuto.

**Sra. López Doce, do BNG:** Imos ver, vaíamos por partes. Creo que lle viría ben a vostedes consultar un manual ou dicionario no que poida documentarse sobre a definición de sectario, porque eu creo que pode o PP ser o paradigma para esta definición, polas condutas que están tendo todos os seus membros e vostedes mesmo. Creo que igual é por descoñecemento, entón o que lle recomendo é facer esa

consulta. En segundo lugar vostede di que lle resulta chamativo que lle sona o de *Queremos Galego co Nunca Máis*, e igual si ten algunha similitude, e vemos defendendo ao galego e a Galiza, posiblemente a moitas das persoas que tiveron que mobilizarse para defendela como consecuencia da xestión que fixo o PP no goberno da Xunta e do goberno do Estado pola falta de previsión e pola xestión que fixo do *Prestige*, vemos os agresores que son os mesmos, o PP e vemos quen o defende, e é unha plataforma cidadá na que se pode integrar calquera, entón eu lamentablemente vexo similitudes, volven vostedes a estar no goberno e volven facer estragos neste país. É evidente Sr. López que se vostede defende a política lingüística do PP, que é política, e efectivamente di que levaban certas cousas no seu programa, e así é, pero no programa non levaban que ían conculcar o Estatuto de Autonomía, que é o que están facendo os cargos do PP, incumprindo a normativa do galego sen competencia nin maioría suficiente para facelo. Non sei se está documentándose para a contrarréplica, e en todo caso é bater nunha parede. Vostede non vai moverse un só ápice dos seus argumentos, non acudeu a un só acto cidadán feito na Estrada en defensa do galego, e si acude en Lalín a actos de defensa do bilingüismo pretendidamente harmónico. Vostede será deses que se definen galeguistas porque se senten satisfeitos vendo as portadas dos xornais o 17 de maio en galego, eu son dos galeguistas que van un pouco máis alá e esa situación non nos produce alegría senón tristura e a excepción non é a norma. O galego, como sabe vostede e todo mundo está en desvantaxe e é competencia do goberno galego, no marco regulamentario do que nos temos dotado democraticamente, Sr. López non só foron democraticas as eleccións do 1 de marzo do ano 2009, tamén os procesos anteriores e temos que respectar a normativa da que nos temos dotado nos nosos órganos de representación do pobo galego, como o Plano Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no ano 2004 e que vostedes non quero ser moi explícita dicindo o que fan con eles porque son bastante negativas. En todo caso, xa sabemos cal é a política lingüística do PP, vostede non se vai desmarcar dela como fai cos seus actos, é inútil tratar de chegar a consensos e esta moción é necesaria e insístín en lela tal e como está porque creo que nela se recollen con bastante acerto todas as agresións ou polo menos as máis importantes que está cometendo o seu partido contra a nosa lingua.

**Sr. López Campos, do PP:** Está cargada de argumentos Sra. López Doce, pero o que manda, e vostedes o saben aquí, e non creo que non sexan sospeitosos de non aplicar aquí, o que manda son os gobernos e son as maiorías, e polo tanto eu sigo dicindo que houbo un goberno que foi o primeiro en rachar o consenso lingüístico dende o Plano Xeral de Normalización Lingüística, dende a Lei de normalización lingüística e o Estatuto de Autonomía, que foi o bipartito coa aprobación do Decreto do ano 2007. Ese foi o primeiro goberno que rachou un consenso en materia lingüística en Galicia, aprobando un decreto sen o apoio do partido maioritario na oposición, iso fixérono vostedes, polo tanto teñen vostedes unha especial cualidade para darlle volta a todo e botarlles as culpas aos demais das responsabilidades que teñen vostedes, pero é unha responsabilidade súa e do Partido Socialista rachar o consenso lingüístico. Que fixo o PP?, volver cun decreto ao Plano Xeral de Normalización Lingüística e á Lei de normalización lingüística; é tan sinxelo como o que cambia unha palabra, o que antes dicía de sectario, que eu non me sinto identificado con esa palabra, será vostede que algo lle molesta; a min non me preocupa, pois eu xa sei que non o son, pero ben non imos agora tocar paus como o do Consorcio Galego de Servizos Sociais e temas nos que vostedes teñen abertos douscentos e pico expedientes denunciados por contratacións fraudulentas, e moitos máis e curiosamente xente bastante afín ao PP e que participaba en determinadas plataformas en defensa do interese xeral, como din vostedes. Pero eu non me vou estender máis alá, o que si teño claro é que acabo de descubrir con vostede, nunha

*intervención que me acaba de deixar fascinado, trasladándonos a responsabilidade do Prestige, acabo de descubrir algo que seguramente nos centos de miles de folios que ten o sumario, ninguén o descubrise ata o de agora e é que o capitán do Prestige non era Manganouras, era Fraga, esa é o resume da súa interpretación, non era Manganouras que era Fraga, creo que deberíamos dirixirlle un escrito á Fiscalía para que determinase se realmente D. Manuel Fraga era o capitán do Prestige, cando o Prestige tivo que por desgraza ser protagonista dese desastre natural. O que está claro é que poucos argumentos, bastante vagos. A min non me verá nun acto reivindicando o galego con vinte persoas detrás dunha pancarta de Queremos Galego, e xa llo anticipo, que non me gusta, non me vai atopar porque non me gustan eses actos, pero iso non é un acto de defensa do galego, vostede non pode autocualificarse de galeguista, vostede é nacionalista, non galeguista, son termos bastante diferentes, así dende logo o seu proxecto político non pode encaixar en Galicia, que é galeguista non nacionalista, polo tanto déixenos ocupar o espazo político que nos corresponde, sempre dentro dun galeguismo harmónico por suposto e ademais tendo en claro que non sigo os argumentarios a pés xuntillas como segue vostede, eu persoalmente non admito nin leccións de galegismo por parte do BNG e moito menos por vostede, nin vostedes teñen a cualidade de expedir carnés de galeguistas a ninguén, polo tanto non se apropien do que non é seu, non utilicen a lingua porque a estarán prexudicando, e dende logo este tipo de decisións que vostedes están tomando, enrocada nunha moción que é practicamente imposible trasaccionar nela, e que se quere facer algo con ela, eu propoño que se mova da súa posición e trasaccionemos unha moción coa que esteamos de acordo as forzas políticas representadas aquí e posiblemente cheguemos a un acordo, e que fraco favor lles están facendo vostedes ao galego, e fraco favor lle fixo o Decreto do que antes falei, no que vostedes incorporaron unha modificación a última hora, que son bastantes especialistas niso de que se impartirá polo menos o 50%, cando o Plano Xeral de Normalización Lingüística fala do 50% nas dúas linguas, non garantían en ningún caso o uso do castelán e abrían as portas ao monolingüismo galego. Que fai este goberno?, cambia ese polo menos por un 50% galego 50% castelán, ese é o gran cambio que se introduce no decreto, pero o que está claro que xa vostedes incitaron á ebullición das súas pequenas pero bulliciosas masas para posicionarse en contra dun decreto que non coñecían, e organizaron manifestacións que por primeira vez na historia se coñeceron como manifestacións preventivas, antes de poñer en marcha e antes de que a Xunta de Galicia, pero o que está claro é que o negocio do Bloque, o negocio da lingua do BNG non se pode acabar e é unha das formas que teñen vostedes de volver ilusionar ás súas masas e a única forma que teñen de volver concentrar a un minoritario número de persoas en defensa de algo que pouco favor lle van facer e pouco legado lle van deixar aos galegos, polo tanto se non hai vontade de transaccionar, e nós dende logo non imos votar a favor.*

**Sra. López Doce, do BNG:** *Só lle vou dicir que o decreto do ano 2007 foi ditaminado favorablemente polo Consello Escolar de Galiza e o seu Decreto do plurilingüismo foi rexeitado, aí está o consenso social.*

**Sr. López Campos, do PP:** *E o Consello Consultivo tamén non?*

**Sr. Alcalde:** *Ben, non imos achegar posicións polo que vexo, así que parece inútil debater sobre unha cuestión suficientemente debatida. Pasemos á votación.*

Sometido o asunto a votación, resultan doce votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Sanmartín Obelleiro, Maceiras Vicente, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco) e nove votos en contra (PP: Sres/as



López Campos, Maceira Besteiro, García Villar, Maïssa Rodrigo, Vicente Vicente e Loureiro Méndez e non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez) polo que por maioría se adopta o seguinte

ACORDO:

- I) Apoiar activamente a manifestación convocada pola Plataforma Queremos Galego en defensa do noso idioma e que terá lugar o próximo 17 de Maio, en Santiago de Compostela. Con tal fin facilitará o transporte colectivo para aquelas persoas que decidan sumarse a esta mobilización social.
- II) Rexeitar ás “Bases para o Decreto de Plurilingüismo” feitas públicas pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, e reafirmar o compromiso municipal co consenso establecido, no ámbito do ensino, no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado de xeito unánime polo Parlamento de Galiza en setembro de 2004.
- III) Manifestar a adhesión ao texto da “Iniciativa Popular pola Garantía dos Dereitos Lingüísticos”, promovida pola Plataforma Queremos Galego.

**B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN.-**

**5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE MARZO DE 2010.** Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 121 e 186 correspondentes ao días do 1 ao 15 do mes de marzo de 2010

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

*Sr. López Campos, do PP: En primeiro lugar, nós temos varias peticións ou dúbidas de veciños que nos últimos días se nos achegaron para preguntar certos temas, e eu xa dubido da operatividade das preguntas no Pleno, ou se será máis operativo chamar ao Aló Presidente par que nos responda con tanta dilixencia ou encher o Rexistro Municipal de escritos solicitando información. Creo que non é a maneira máis operativa nin a máis fácil e polo tanto eu vou seguir insistindo coa ilusión que un día responda ás preguntas que lle facemos, e non que teña a actitude que ten nos plenos de desprezo total e absoluto ao traballo que está facendo a oposición. Nós seguiremos facendo o noso traballo e intentando que as cousas se fagan de forma normal, porque o apartado de Rogos e Preguntas é un apartado incorporado dentro da acta plenaria e polo tanto debería intentar facer o esforzo. No que respecta a unha pregunta que se nos traslada sobre as obras de saneamento en Figueroa de Abaixo, parece ser que houbo un grupo de vivendas que quedaron sen conectar a esa rede de sumidoiros, que por varias veces o alcalde se comprometeu cos veciños en que quedarán sen conectar esas casas pero que tiña bastante sentido facelo, e que no ano 2009 se levaría a cabo a conexión desas vivendas que quedaron e ata o momento non tiveron noticias sobre ese tema e gustaríanos saber se o goberno ten pensado acometer ese proxecto que queda para dar servizo a esas vivendas e en que prazo ten pensado facelo.*

*Sr. Alcalde: Aí hai dúas cuestións, por un lado hai o proxecto executado algunhas vivendas que non teñen o nivel suficiente para conectarse, que creo que ao non haber nivel, a solución que teñen é bombear porque non dá o nivel suficiente para sacala, e logo, hai outro grupo de vivendas máis arriba, que pasa o mesmo, non dan nivel cara abaixo, pero como é un número de vivendas máis importantes, o que*

*decidimos é facer un bombeo. Esa obra está contratada a Construcciones Sangiao e está en execución xunto con outros saneamentos como un en Tabeirós, o abastecemento de Figueroa, e algúns outros que non recordo, pero a obra está en execución.*

**Sr. López Campos, do PP:** *En execución non.*

**Sr. Alcalde:** *É que son varias obras nun mesmo proxecto, e xa se executaron varias obras dese proxecto, e entón están en execución. A esa tocaralle cando a empresa estime conveniente dentro da execución do proxecto.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Grazas. No que respecta a unha obra que se está a acometer na parroquia de S. Miguel de Castro, na estrada que vai cara a igrexa, na ponte estanse colocando uns quitamedos nas dúas marxes da estrada. Parece que hai bastantes problemas, pois eses quitamedos están bastante enriba da estrada sen deixar nin sequera un pequeno paso peonil con dificultades á hora de cruzar dous vehículos, non deixando marxe para unha fluída circulación incluso para os peóns que teñen que utilizar esa estrada para ir á igrexa. É un rogo, fagan un seguimento desa obra, e evalúen esa situación porque eu creo que está xerando bastantes problemas e intenten buscar unha solución axeitada para dar cumprimento á solicitude dos veciños.*

**Sr. Alcalde:** *Pois non sabemos exactamente como está o tema, pero interesáronos por este concretamente e veremos de solucionalo.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Tamén me esqueceu comentar que o alcantarillado que se vai acometer a través do Plan de Investimento Local na parroquia de Couso, comentábanos varios veciños tamén a inqueda ou preocupación que tiñan que se dirixiron ao Concello porque só dous lugares da parroquia se meteran dentro dese saneamento na parroquia, entendendo, sen demagogia, pois sería excepcional que todos os lugares estivesen saneados, pero si é certo que entenden algúns veciños porque hai varios lugares nesa parroquia que cun investimento mínimo e por propio peso, caer á estación depuradora ou estación de bombeo que se vai situar alí e costándolle aos veciños como eses núcleos que poden estar próximos á estación depuradora e que poden ir polo seu propio peso, non se inclúen nese proxecto, e a nosa pregunta é cal é o motivo, e se o goberno ten pensado acometer máis adiante algunha obra para corrixir esa situación.*

**Sr. Alcalde:** *Acometeranse obras máis adiante. O que fixo o goberno foi unha avaliación de posibles saneamentos, e ao final tivemos que recortar, evidentemente sanear toda a parroquia de S. Xurxo eu creo que nos custaba 900.000 € só ese saneamento, entón ao final optouse por saneamentos que xa teñen depuradora e saneamentos que xa hai vertidos, concretamente en Couso hai un conflito entre dúas familias polos vertidos, ou en Sequeros tamén hai vertidos. Polo tanto é un criterio, os criterios que o goberno considerou oportunos, pero como evidentemente non se pode sanear todo o Concello, pois dentro do máis dun millón de euros destinado a isto, optouse polos que o goberno considerou que resolvían algún problema de vertidos ou que tendo xa depuración nos era máis fácil o executalos, non hai ningunha consideración especial máis ca esa. Valoráronse moitísimos e ao final houbo que chegar a unha cifra para executar.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Moi ben, grazas. No que respecta ao tema dos vertidos hai un tema que si nos preocupa, non o imos facer con tanta parafernalia como o concelleiro cando estaba na oposición, o concelleiro Xoán Carlos tamén traía fotos*

*de depuradoras en estado lamentable nos ríos, recorda vostede, non tenas traído ao Pleno, na súa parroquia hai un caso paradigmático, supoño que o coñecerá o que pasa coa depuradora situada na Devesa en Guimarei, que está vertendo directamente sen ningún tipo de control á Pinguela, sobre unha canalización que presumimos que debe vir sobre o alcantarillado de Ouzande precisamente. Analizando esta situación, vostedes teñen unha depuradora funcionando alí, e parece ser que remitiron un escrito a Augas de Galicia para a instalación dunha futura depuradora, cando esa depuradora xa está instalada e ademais está mal funcionando, porque está vertendo directamente os residuos ao río, causando un grave prexuízo. Parece paradigmático que esa situación se produza dese xeito e a nosa pregunta é porque se produce esa situación, de que forma teñen vostedes pensado solucionarla e por suposto se solicitaron hai dúas semanas a autorización a Augas de Galicia, se teñen vostedes autorización para poder facer esa infraestrutura que xa está feita.*

**Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE:** *Ás veces o run run lévanos a confusións importantes. A depuradora de Ouzande non está funcionando, está instalanda, como a de Montillón e outras máis. Por primeira vez acométese neste concello a solicitude de verquido, como é prescritivo aos ríos e aos regatos, nin sequera a de Aguións tiña ese permiso de vertido, o que lle pode informar perfectamente o enxeñeiro técnico deste concello que se fixo o ano pasado a solicitude da depuradora de Aguións. A depuradora de Ouzande non está en funcionamento, non hai constancia pública de ningunha casa conectada á rede, salvo que o fixesen ás escondidas. Esa depuradora, está saíndo auga por ela porque nos lugares de arriba e próxima a onde está a casa do sarxento da Policía Local, hai rexistros que están mal selados e a empresa comprometeuse o venres da semana pasada estiveronse revisando estes rexistros onde se producen filtracións e comprometeuse a subsanar este problema, é o que está verténdose pola depuradora de Ouzande, isto fómolo comprobar cos técnicos municipais o venres pasado, ¿e son fecais?, son augas residuais?. Sae auga dunha lameira, non pode xulgalo vostede polo que vexa senón cunha analítica, son augas de filtracións, por rexistros mal selados.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Eu dito entón que saque un bando polo que lles recorde aos veciños de Ouzande que non beban auga da traída, porque dixo vostede que era auga de filtracións, auga pura.*

**Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE:** *Auga de filtracións á rede de saneamento.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Pois eu estiven alí esta semana, e dende logo non son augas limpas as que está vertendo á Pinguela esa depuradora, e podó asegurarllo que estiven alí persoalmente. Estoulle facendo simplemente unha pregunta.*

**Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE:** *Se quere comprobámolo mañá xa. Non son augas fecais, salvo que alguén pola súa conta e risco saltase a normativa de conexión á rede e o fixese.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Ben, perfecto, váleme a resposta. Pero fíxenlle outra pregunta, se a depuradora está instalada e se a solicitude que fixeron a Augas de Galicia se solicitaron vostedes a Augas de Galicia para desbroce e verquido.*

**Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE:** *Iso xa se fixo co permiso de obra, e foron alí os técnicos de Augas de Galicia antes de facer esa obra, e agora hai que ter a autorización oportuna para verter ao río.*

**Sr. López Campos, do PP:** *No que falabamos do informe da Conta Xeral, eu creo que hai un aspecto bastante relevante do debatido no último Pleno sobre a xestión dos expedientes de infraccións de tráfico no Concello da Estrada, creo que hai un capítulo bastante significativo nese informe no que se di que hai unha dificultade para controlar a xestión das multas e do seguimento da recadación das mesmas. Vimos como noutros concellos, por obriga se presentou o informe da xestión da Policía Local, en materia de informe e balance anual presentada pola Policía Local. Gustaríanos saber xa que non se fixo público se este Concello ten ese informe anual sobre a xestión da Policía Local, e en caso de que exista rógolle que me facilite unha copia.*

**Sr. Alcalde:** *Informareime se existe ou non, e en caso de que o haxa, por suposto que terá unha copia.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Por último, gustaríame, se o alcalde mo permite fágollo directamente a vostede e senón á concelleira de urbanismo, facer unha pregunta simplemente e un rogo. A pregunta está relacionada co avance do Plan Xeral, as reunións realizadas na Consellería para a tramitación do documento, e se despois de todos eses avances e a situación na que está o documento do Plan Xeral, se constan no expediente os informes sectoriais vinculantes para a tramitación e o trámite administrativo.*

**Sra. Aguiar Lale, do PSdeG – PSOE:** *En relación coas preguntas que me fai, empezo polo final, os informes sectoriais, pedíronse todos cando se iniciou o período de exposición pública e nestes momentos non quero dicir unha cifra que non sexa correcta e deben faltar uns sete ou oito nestes momentos. Pódenos consultar, se o estiman conveniente. Os principais están xa recabados, e os que había o prazo dun mes que é o preceptivo, algúns non se emitiron así, reiteramos a súa solicitude e por exemplo a Deputación Provincial contestaron que estaban traballando sobre el no mes de outubro, e consideramos que xa pasou un prazo suficiente, e loxicamente como é de rigor cando o documento deba pechase, farase cos informes sectoriais que cheguen, e evidentemente os que non estean non se poderá incorporar. Como creo que recordar e o Sr. Reboredo así o poderá matizar, xa se fixo no anterior trámite. Polo que respecta á redacción do documento están xa volcando o resultado das alegacións no documento o que é en planimetría, e estamos reuníndonos hai un par de semanas, non lembro o día exacto, reuníndonos cos técnicos e co subdirector para trasladarlle o resultado destas alegacións, das estimacións que daban como resultado os posibles crecementos, e temos nesta semana unha entrevista pechada coa secretaria xeral técnica, dona Encarnación Rivas, para avanzar un pouquiño máis nas cuestións que se están mirando ao peche do documento, e estamos á agarda desta reunión que estamos agardando vinte días para poder ir avanzar e pechando trámites.*

**Sr. López Campos, do PP:** *E nese estado avanzado de trámites, ou non tan avanzado pois levamos tres anos, nese estado de trámites poñámolo así, actualmente á parte dos informes sectoriais. Están solicitados ou están emitidos algún dos informes tamén dos preceptivos que teñen que efectuar os técnicos municipais?.*

**Sra. Aguiar Lale, do PSdeG – PSOE:** *Ben, como sabe eses informes son fiscalizadores e preceptivos cando se peche o documento e cando se remita á Consellería, entón eses informes serán enviados aos organismos correspondentes, pero os técnicos teñen que analizar o documento unha vez que sexa definitivamente corrixido para fiscalizar se se adopta ou non á orde ou lexislación vixente, e nese*

*momento é cando se recabarán, e ata ese momento non están incorporados.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Váleme parcialmente a resposta, eu pregunteille non se estaban incorporados, que está claro que non, nós consultamos e xa me responderon que non, polo que eu preguntolle se ten constancia de que estea emitido algún informe por parte dalgún técnico municipal vinculante en relación ao Plan Xeral, a data de hoxe.*

**Sra. Aguiar Lale, do PSdeG – PSOE:** *Hai informes emitidos, pero non son informes definitivos no senso que non está o documento pechado, xa que estes informes circunscribíronse ao estudo do documento aquí presentado, aprobado polo Pleno, entón ese informe definitivo, ten que facerse no momento que se pechen todas as alegacións, ese si será o informe preceptivo, ata o de agora hai os que se refiren ao documento que se aprobou no Pleno, pero que é previo á presentación das alegacións, co cal hai variacións importantes.*

**Sr. López Campos, do PP:** *Eses informes están incorporados ao expediente.*

**Sra. Aguiar Lale, do PSdeG – PSOE:** *Xa manifestei que non están incorporados ao expediente, pois non cumpren todas as formalidades esixidas, e entendemos que non é o trámite, que amosaranse e poñeranse a disposición cando sexa o trámite pertinente.*

**Sr. López Campos, do PP:** *pois eu fago un rogo, que senón formularemos cando obteña a resposta por escrito, que se nos proporcione copia deses informes que aínda que non estean incorporados ao expediente, están nas dependencias municipais, e supoño que estarán debidamente cumprimentados e rógolle que nos faga chegar na maior brevidade posible copia deses informes xurídicos, técnicos, de Intervención que se emitisen a data de hoxe, para poder nós analizar e debemos ter acceso a eles para poder revisar, polo que lle rogo que á maior brevidade posible nos faga chegar copia deses informes. E un rogo, e remato xa, tendo en conta iso, os trámites, pois se hai dúas concellerías que se caractericen pola transparencia ou dinamismo ou traballo, tendo en conta a repercusión na situación actual, son urbanismo e industria, dúas consellerías que son de gran importancia. En industria, creo que tivemos unha comisión en tres anos, polo que cada un pode xulgar o balance e urbanismo tampouco destaca polos avances e polo traballo a debater co PXOM, tendo en conta que teñen o documento pechado, que debemos preocuparnos polos prazos de execución, compromisos electorais, e ver un pouco cal é o plannig que nos marcamos, eu rógolle que se puidesemos ter unha reunión para ver certos aspectos, e se puidese ser antes da reunión da Consellería coa secretaria xeral de urbanismo pola súa transcendencia, que convocase unha comisión de urbanismo para debater aspectos que deben ser importantes, transcendentos, nos que todos debemos opinar e achegar en aras de intentar recuperar un consenso e unha transparencia que nunca houbo e que nesta última fase estamos a tempo de recuperala e sacar adiante ese PXOM, que non porque a oposición non o quixese, senón porque o goberno durante tres anos estivo practicamente aletargado agardando que pasasen os meses sen tomar ningunha decisión, polo que nunca é tarde, eu rógolle que o debatamos antes da súa aprobación definitiva.*

**Sr. Alcalde:** *En calquera caso, tomamos nota do rogo.*

**Sra. Aguiar Lale, do PSdeG – PSOE:** *Xa non hai marxe para iso, a comisión si está prevista, pero queriamos ter previamente esta reunión coa secretaria xeral para ultimar uns detalles que se lle farán saber á oposición nesa comisión que se*

convocará.

**Sr. Reboredo Baños:** *En relación a este tema, creo que vostede respondeu á pregunta que lle fixo o Sr. López pero de xeito confuso. Respondeu que a día de hoxe hai informes técnicos do persoal municipal, non incorporados pero emitidos.*

**Sr. Alcalde:** *Imos ver, eu creo que a cuestión está clara, poderá haber avances de informes técnicos, o que non pode haber é un informe porque está sen rematar o trámite, polo tanto o que non se van facer son avances de informes para especular, senón que debemos recoñecer o informe asinado polo técnico correspondente, eu creo que ese é o informe que temos que utilizar, porque ese informe pode ter modificacións, posto que todos os informes sectoriais que están chegando, van supoñer seguro, xa sabemos que algúns, modificacións, nalgún caso importantes seguro. Hoxe en día, aínda que algún técnico estea traballando no informe, ata que se faga un informe definitivo ou firme, entendo eu que non é a práctica habitual que se utilicen ese tipo de informes par tomar decisións.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Outra pregunta, vostede estame dicindo que nestes momentos non hai ningún informe polo tanto asinado en canto ao PXOM.*

**Sra. Aguiar Lale, do PSdeG – PSOE:** *É que xa resposteí que eses informes que se están elaborando foron a ese documento de avance que se trouxo aquí ao Pleno e evidentemente, como manifestou agora o alcalde, tanto do alcance dos informes sectoriais recibidos durante este tempo, como doutros que aínda que non recibimos, si recibimos noticia doutros organismos, e das propias alegacións, hai modificacións importantes que se están introducindo no documento, entón este informe definitivo, e hai un único informe fiscalizador preceptivo que non corresponde a ese trámite actual, co que o informe definitivo será o que teñan que coñecer no seu momento.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Outra pregunta, ¿entón no suposto que a data de hoxe haxa un informe técnico asinado, quere entenderse que o non facilitarlle á oposición un documento que formará parte ou que é parte dun documento tan amplo como é o PXOM, non se nos facilita á oposición se o solicitamos.*

**Sr. Alcalde:** *Si, claro.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Ben, pois mañá imos presentar un escrito solicitando que se nos facilite copia dos informes emitidos polos técnicos municipais se os houbese, e logo se teñen que emitir outro informe que o emita.*

*Tamén quero preguntar polo Decreto 239/2010 polo que se levanta reparo por parte de Intervención á contratación directa dos servizos dun arquitecto, por un período de dez meses por un importe total de 20.850 € a razóns de 2.085 € mensuais par resolver as alegacións ao PXOM. A pregunta é ¿non hai persoal suficiente na Oficina Técnica para facer ese traballo?.*

**Sr. Alcalde:** *Hai persoal na Oficina Técnica pero que está facendo outros traballos, que son a dirección de obra e os proxectos que na medida do posible se intentan facer aquí, e que a parte do Concello un técnico examínase as alegacións.*

**Sr. Reboredo Baños:** *¿Nas alegacións que se lle fixo ao equipo redactor a Visier Ingenieros, non establece como unha das súas competencias a resolución das alegacións ao PXOM.*

**Sr. Alcalde:** *Xa lle dixen na anterior, que independentemente do que diga o equipo*

*redactor, nós consideramos que debe haber un técnico que estude as alegacións.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Iso quere dicir que están duplicando o gasto, e que o grupo de goberno vai resolver alegacións sen ter en conta os criterios do equipo redactor.*

**Sr. Alcalde:** *Eu non dixen iso en ningún momento.*

**Sra. Aguiar Lale, do PSdeG – PSOE:** *Sobre ese tema, adoptouse esa decisión desa contratación, porque ademais o propio secretario naquel momento, José Naveira, estableceu baixo o seu criterio que as alegacións ademais de vir informadas polo propio equipo redactor, debían estar examinadas tamén por un xurídico municipal e por un técnico municipal, para que fosen debidamente conformadas que se axustasen a todos os criterios legais establecidos, ese é o motivo, non é que o equipo redactor non as examinase, ese é un complemento, de acordo a un criterio que o anterior secretario municipal decidiu que era preceptivo.*

**Sr. Reboredo Baños:** *Entón contratouse un arquitecto de apoio e tamén un xurídico de apoio ao PXOM?.*

**Dona Cristina Goldar, do PP:** *Boa noite, e benvida Sra. Secretaria, respecto a unha moción presentada polo PP no mes de febreiro, respecto a un soporte informático, a remisión telemática das actas e das convocatorias, díxoselles en Xunta de Portavoces ou polo menos ao portavoz do PP que non antigo Pleno non se podía levar por un problema de axenda, pero que se levaría no anterior, no Pleno do mes de abril, estamos no Pleno de maio e non se trouxo, ¿hai algún problema?.*

**Sr. Alcalde:** *Non hai ningún problema, eu creo que neste aspecto, creo que por escrito, eu vou falar con Secretaría sobre este tema, que é quen custodia os documentos e fai as convocatorias, e agora coa nova secretaria, teremos que consultalo, e por escrito diremos cal vai ser a nosa posición, pido logo uns días máis para ultimar este tema.*

**Dona Cristina Goldar, do PP:** *Pero logo non se vai levar a moción a Pleno?*

**Sr. Alcalde:** *Teremos nós que formar un criterio, de acordo coa nova secretaria, que como digo é a quen lle corresponde facer as convocatorias.*

**Dona Cristina Goldar, do PP:** *Outra pregunta. O importe que lle corresponde facer ao Concello da Estrada para o fomento de actividades educativas e formativas para o fomento do ámbito do lecer e tempo libre e incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías, ¿sabemos xa con ese importe que se concedeu de 5.500 euros que é o que se vai facer, teñen algún proxecto en marcha?.*

**Sr. Alcalde:** *Contestarémolle por escrito, tería para contestarllo se tivese onte a pregunta.*

**Dona Cristina Goldar, do PP:** *Tal e como facía mención o noso voceiro, ao parecer vai haber un autobús gratuíto ata Pontevedra para o concerto Música Contra o Decretazo, ou houbo, perdón. Queriamos saber a canto ascendeu a achega feita polo Concello e se se van seguir a facer prácticas de subvencións con cartos públicos para motivacións cun claro fin político.*

**D. Xoán Carlos Castro do BNG:** *Primeira cuestión, dende Participación Cidadá, pois en base ao escrito que un colectivo, neste caso Queremos Galego para que*

*achegase un transporte a un concerto para defender a lingua, nós non dubidamos en darlle unha resposta afirmativa, de feito fomentámolo, a cuestión é que o autobús non se chegou a fletar, porque non houbo un mínimo de asistencia ao autobús.*

***Dona Cristina Goldar, do PP:*** *É dicir que non houbo xente para encher o autobús.*

***Sr. Vicente Vicente, do PP:*** *Os veciños de Cepetelo seguen esperando actuación e empezaron pola súa conta a desatascar o tubo.*

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e dúas horas e trinta minutos.

A Estrada, 6 de maio de 2010  
A secretaria

Asdo.: Marta Cajide Barbeito